

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

MANUELA BARREIRO

(Viveiro 1877 - Madrid 1953)

Foi a primeira muller farmacéutica de Galicia. Nace en Viveiro, pero ao pouco tempo muda a súa residencia a Ribadeo. É unha nena con ganas de estudar e aprender, o que a converteu nunha pioneira

ao longo de toda a súa vida. Foi a primeira muller en Galicia en acadar o título de bacharelato, a primeira muller licenciada pola Universidade de Santiago de Compostela, na que obtén o título de Farmacia, e a primeira muller en ter unha farmacia de seu.

Actualmente unha rúa de Ribadeo leva seu nome e un libro conta a súa vida co título *Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada*.

Sabías que Manuela Barreiro tivo que pedir autorización para poder estudar na universidade, e tamén para abrir unha farmacia, polo feito de ser muller?

MULLERES GALEGAS

opina


A día de hoxe en moitos países as mulleres non poden realizar determinados traballos ou actividades.
Que opinas?

Como convencerías a xente que goberna neses países do equivocados que están?

Colorea esta
farmacéutica
en pleno trabajo.

MULLERES GALEGAS

colorea



Manuela Barreiro foi a primeira muller en estudar na Universidade de Santiago de Compostela, e a primeira en obter o título no ano 1901, 406 anos despois da fundación da universidade en 1495.

MULLERES GALEGAS

pioneira

Afortunadamente a situación vai mudando pouco a pouco, e segundo os datos da Oficina de Igualdade de Xénero, no ano 2010 as estudantes representaban un 75% do alumnado da universidade compostelá.

Procura información de como era a vida no ano 1900 e constrúe unha historia de como foi a primeira semana de clase de Manuela Barreiro na Universidade sendo a única muller.



Sabías que Manuela foi tamén unha pioneira na degustación de mariscos, xa que naquela época non eran alimentos tan apreciados como o son hoxe?

MULLERES GALEGAS

saúde

Procura información sobre as seguintes pioneiras galegas no campo das ciencias da saúde.

Ramona Vaamonde
Olimpia Valencia
Irene Álvarez Veras
Elisa e Jimena Fernández de la Vega
Eugenia Pereira Rodríguez

Existen varios símbolos vencellados á práctica farmacéutica.

A **copa de Hixía** é un deles. Chámase así por Hixía, a deusa grega da curación, a limpeza e a sanidade, e representa un cáliz que ten unha serpe enroscada.

Empregouse por primeira vez en 1796, nunha medalla acuñada pola sociedade parisiense de Farmacia.

Neste encrucillado aparecen agochados diferentes termos relacionados coa vida de Manuela Barreiro.

MULLERES GALEGAS

encrucillado

Horizontais:

2. Profesión de Manuela Barreiro.

5. Vila onde naceu.

9. Foi a muller en obter o título de bacharelato en Galicia, en obter o título na Universidade de Santiago e en ter unha farmacia propia.

11. Vila onde desenvolveu a súa carreira profesional e tiña a farmacia.

Verticais:


2. Estudou na Universidade de

5. Morreu na vila de

8. En Ribadeo adicáronlle unha

10. Un conta a súa vida.

12 Foi a primeira muller en ter o título de en Galicia.



Comprueba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
1		S			M			R		L		B
2	F	A	R	M	A	C	E	U	T	I	C	A
3		N			D			A		B		C
4		T			R					R		H
5	V	I	V	E	I	R	O			O		A
6		A			D							R
7		G										E
8		O										L
9					P	R	I	M	E	I	R	A
10												T
11						R	I	B	A	D	E	O

